

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia así como na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación. A maiores, tamén teremos presente a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia así como a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria.

O CEIP de Quiroga enmárcase nunha zona rural do sur-leste da provincia de Lugo que abarca unha superficie de 324 km<sup>2</sup> e ten unha poboación aproximada de 3.300 habitantes, repartida en 22 parroquias e 123 entidades singulares de poboación. Todas as parroquias son de carácter rural a excepción da de Quiroga na que está emplazada a capitalidade municipal e o centro escolar.

Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo. A desaparición do tecido industrial extractivo da lousa, a grave crise económica que se está a sufrir a nivel mundial xunto coa inflación que esta provoca, ocasionan que parte da poboación se atope en condicións salariais precarias ou careza delas. A estes datos debemos engadir que nos últimos anos a poboación do municipio viuse incrementada pola chegada de familias inmigrantes procedentes de países tan diversos como China, Cuba, Venezuela, Marrocos, Ucraína. Tamén é significativo o número de familias que regresaron ao municipio procedentes doutras comunidades autónomas e o feito de que hai unha numerosa poboación de etnia xitana asentada nun poboado a 2 km do centro escolar.

A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e é a capitalidade do territorio Courel Mountains UNESCO Global Geopark. O Concello conta con numerosos servizos públicos como Casa do Concello, Centro de Saúde, Policía Local, Casa da Cultura, oficina de Turismo, CIM, aula CEMIT, Auditorio Municipal, Escola infantil, IES... así como diferentes lugares para o ocio e lecer como o paseo fluvial, parques infantís, campo de fútbol e pistas multideporte, rutas de sendeirismo sinalizadas... Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

O centro ten horario de xornada mixta, sendo os luns o día con xornada de mañá e tarde. Ten servizo de transporte e comedor escolar e conta con unha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º EP que ten dúas. A ratio está en 16,5 alumnos/as por nivel e a porcentaxe de alumnado vulnerable é do 20% aproximadamente. Conta tamén con seccións bilingües nos niveis de 1º, 2º, 3º, e 4º de EP na área de educación Plástica e Visual. Cóntase tamén con outros recursos como: biblioteca incluída no PLAMBE que funciona como espazo multiusos, aulas dixitalizadas con encerado dixital, miniportátiles de aula desde o ciclo medio... Ademais o centro benefíciase e participa en programas como PROA+, Contratos Programa, Plan Proxecta, IGUALA-T. Tamén se acordou participar no PDI impulsado desde a biblioteca escolar: "Un territorio con moita historia", en referencia ao afondamento e posta en valor da historia do territorio Courel Mountains UNESCO Global Geopark.r.

O grupo-clase de 4º EP está formado por 18 alumnos/as (9 nenas e 9 nenos) con idades comprendidas entre os nove e dez anos. Deste grupo tres alumnos/as (dúas nenas e un neno) participan na asignatura de Proxecto Competencial. Como característica singular destacaríase que é un grupo con diversidade étnica e cultural polo que todos os aspectos que derivan desta diversidade serán tidos en conta a nivel metodolóxico. Así, teranse en conta, polas características do grupo os seguintes protocolos e/ou programas educativos destinados á diversidade do grupo.

-Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.

-Protocolo de protección de datos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Necesítannos!	Investigamos o cambio climático As nosas ideas contan Temos un plan	20	10	X		
2	Descubrimos experimentamos e creamos	O método científico Observo e identifico o problema Plantexo a miña hipótese Un escudo invisible As zonas climáticas do mundo Do pasado ao presente	30	15		X	
3	Conseguímolos!	Regreso ao futuro Pildoras de concienciación Preparamos a exposición chegou o gran día	50	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Necesítannos!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Comprende o cambio climático e os seus efectos	PE	60
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Elaborar un listado do que necesitamos saber para afrontar a realización do proxecto		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia do que debemos investigar, destacando o que é importante		
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Elaborar un listado dos materiais que empregaremos para realizar o proxecto	TI	40
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Planear o camiño a seguir aplicando os fundamentos do método científico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Descubrimos experimentamos e creamos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Realizar un cartaz organizando ben a información nas diferentes seccións, con letra lexible, utilizando lettering e imaxes para clarificar o contido	PE	70
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Buscar de xeito seguro e fiable, información en Internet e nos xornais, sobre o calentamento global e o cambio climático		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Elaborar unha táboa cos resultados observados e na realización do experimento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Realizar un experimento para entender o efecto invernadeiro	TI	30
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar a implicación na realización da tarefa, a responsabilización do traballo que fixo, respectando as quendas e chegando a acordos e decisións compartidas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Conseguímolos!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Compartir co resto do grupo clase, mediante unha exposición oral e por quendas, o resultado final do investigado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar un vocabulario científico adecuado á idade, con corrección e claridade para que o discurso sexa eficaz.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Utilizar na exposición, a linguaxe xestual e corporal axeitada		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Manter unha presenza de ánimo positiva e tranquila durante a exposición do proxecto		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos plásticos, o encerado dixital, globo terráqueo, mapas climáticos, a pizarra... para a presentación e exposición do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: Estamos a tempo!, unha proposta de aprendizaxe baseada en proxectos nos que o alumnado aprende e é consciente da súa aprendizaxe, identificando problemas e buscando solucións comprometidas coa súa realidade. Neste caso trátase de investigar e buscar solucións ante o cambio climático.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado nun grupo de traballo cooperativo, no cal cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. O número total de integrantes do grupo é catro, o total do alumnado da asignatura

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir as causas do cambio climático, utilizar o método científico para observar e identificar o problema e plantexar hipóteses de como revertir esta situación .

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, o grupo cooperativo, terá que buscar toda a información recollida sobre o cambio climático, o efecto invernadero, as zonas climáticas do planeta e realizarán unha "viaxe" desde o pasado ao presente. Nesta etapa, recollerán todo o material atopado e comezarán a elaboración do produto final (formato libre): xornal, exposición en murais, páloras de concienciación e sensibilización presentación dixital ...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará ao resto do grupo clase, o produto final o día 5 de xuño, coincidindo coa celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición nos corredores do colexio.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (o clima, o método científico, biodiversidade..)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á biodiversidade...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula Estamos a tempo! O clima,nivIII. Colección "Aprendo con proxectos" Ed. SM
Ordenador para o docente con diferentes aplicacións, altofalantes...
Tres miniportátiles para uso do alumnado
Encerado dixital
Aula virtual do centro
Pegatinas, cartolinas, folios, pegamento, tesoiras e outro material funxible

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases é a propia aula do nivel, convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal ou individual. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, procurando que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, unha vez revisados os informes individualizados dos alumnos/as, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. A avaliación inicial levarase a cabo ao longo da segunda semana do inicio do curso e servirá para poder establecer uns criterios claros e concisos do nivel mínimo da clase en xeral, de cada alumno/a en particular e para informar sobre as dificultades que se detectan a nivel de necesidades de intervención do profesorado especialista en AL, PT, da que se dará cumprida información na Reunión de Avaliación que se realizará no centro.

Neste senso cómpre ter en conta tamén os informes individualizados do alumnado de nova incorporación ao centro, xa que son a única referencia previa dispoñible.

En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>30</b>	<b>50</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	70	0	<b>33</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	30	100	<b>67</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das UD que compoñen o trimestre. Para cualificar cada UD utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,.... No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire é a seguinte:

\* 1º trimestre, 20%

\* 2º trimestre, 30%

\* 3º trimestre, 50%. A nota ordinaria corresponderase coa optida no terceiro trimestre.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, será isto o que prevalecerá.



### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, porase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade. Deste xeito, no grupo de 3º de educación primaria adoptaremos as seguintes medidas ordinarias para dar resposta as necesidades do noso alumnado: adaptaremos tempos e instrumentos de avaliación, faremos reforzo educativo.

Asimismo, proporcionaremos variedade de formas de representación dos contidos, por medio de imaxes, audios e vídeos. Incluiremos resumos e esquemas, lapbooks, infografías... facilitaremos a elección de tarefas, implicaremos aos discentes no seu aprendizaxe por medio de actividades que sexan relevantes para a vida cotiá dos alumnos/a e fomentaremos o traballo cooperativo na aula para que entendan que traballar xuntos lles leva a conseguir un obxectivo integrando así na aula estratexias de deseño universal de aprendizaxe.

No caso de que ao longo do curso algún discente teña dificultade para asistir ao centro por causas debidamente xustificadas empregaremos a aula virtual do centro, colgando as tarefas que imos facendo na clase e outras actividades de reforzo/ampliación. Todo isto acompañado da comunicación coa familia a través de ABALAR, correo electrónico, chamadas telefónicas... Tamén se lle facilitará ás familias a recollida das tarefas e material (llibros e/ou libretas) no propio cento escolar.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos de materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais enumerados anteriormente, traballaranse tanto nas UD relacionadas co seu contido, como a través das diferentes actividades que se desenvolvan ao longo do curso. O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración en grupo dun lapbook sobre o cambio climático	Elaborar un lapbook que conste de tres partes diferenciadas onde se expliquen as causas e as consecuencias do cambio climático		X	
Realizar en grupo unha infografía sobre os incendios forestais, os asolagamentos e a seca en A España	Aplicar o método científico para identificar tres fenómenos derivados do cambio climático no noso país			X

#### Observacións:

Estas actividades realizaranse na aula e no espazo da biblioteca e poranse en común co resto da clase. Os materiais que se empregarán atópanse na aula e na propia vivenda ou contorno do alumno/a.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do/a alumno/a
Eficacia dos recursos empregados para o desenvolvemento do proxecto

Medidas de atención á diversidade
Eficacia dos programas de apoio, reforzo e ampliación
Toma de medidas de atención á diversidade, no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias, no traballo do alumnado

### Descrición:

Os instrumentos que se empregarán para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente e medir os indicadores anteriormente sinalados, será unha taboa de indicadores cunha escala de valoración (nunca, as veces, sempre) e serán revisados nas sucesivas reunións de ciclo e de avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. a través da aplicación informática Proens, no apartado Seguimento. A información do seguimento da programación didáctica trasládase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia da mesma, nas correspondentes actas.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Non se esperará á finalización do curso escolar para poñer en marcha as propostas de mellora identificadas durante o seguimento da programación e que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.

## 9. Outros apartados